

Filosofía aristotélica.

INTRODUCCIÓN AL PENSAMIENTO ARISTOTÉLICO.

1. Aristóteles busca compaxinar o sentido común coa complexidade conceptual da filosofía.

Primeiro, elabora, no *Organon*, unha propedéutica para a ciencia, estudando as formas do razoamento correcto, das inferencias indutivas e dedutivas, sentando as pautas do pensar racional.

Segundo, divide o saber racional en teórico e práctico. Sabedoría teórica son as investigacións ontolóxicas, que se desenvolven na *Metafísica*, tratado que dará nome a este tipo de investigacións, onde se ocupa dos principios “do ser en canto ser”; ou sexa, dos principios da realidade en xeral, da realidade en abstracto. Estas investigacións dan orixe ás teorías da materia e da forma (*hylomorphismo*), da potencia e o acto, a teoría da causalidade e a teoloxía. Tamén son sabedoría teórica as investigacións físicas, que se desenvolven na *Física* e nos numerosos tratados de bioloxía, psicoloxía, antropoloxía, etc., que se ocupan dos principios do ser natural (teoría das causas),

Sabedoría práctica son a filosofía moral, que se ocupa da acción humana, desenvolvida sobre todo na *Ética a Nicómaco*, e a filosofía política, desenvolvida en *Política*. Tamén son sabedoría práctica os tratados relativos a produción, recollidos principalmente na *Poética* (derivado de *poiesis*, que significa produción ou fabricación, e que se refire tanto ao arte como á artesanía)

2. Moitas veces preséntansenos as filosofías de Platón e Aristóteles coma se fosen opostas, pero é unha pésima interpretación. Son certamente pensadores diferentes, pero non opostos, ao fin e ao cabo Aristóteles estivo 20 anos na Academia, ata a morte de Platón. Ambos seguen o ronsel da filosofía socrática, afirman a necesidade de coñecer a verdade e opóñense tanto ao relativismo e escepticismo sofistas acerca do coñecemento e da ciencia como ao materialismo mecanicista dos atomistas. Ambos consideran que os obxectos da ciencia son as esenciais eternas e necesarias: as Formas aristotélicas non se opoñen as Ideas platónicas; son fundamentalmente idénticas, como veremos, salvo que aquelas non teñen existencia separada.

E con todo son tamén moi diferentes, tanto en carácter e personalidade como na perspectiva sobre a realidade. Platón, un carácter idealista admirador da exactitude abstracta da disciplina matemática, minusvalora os sentidos e a experiencia como fontes do coñecemento, perspectiva desde a que formula a teoría das Ideas, que sitúa a verdade no universo abstracto e ideal das Ideas, xéneros e especies con existencia intelixible. Aristóteles de temperamento empirista, gran observador dos fenómenos naturais, considera pola contra que os sentidos humanos son fonte de

evidencias¹, polo que, en contra da teoría das Ideas, parte do presuposto da substancialidade² do concreto e individual.

"Todos los hombres por naturaleza desean saber. Señal de ello es el amor a las sensaciones. Éstas, en efecto, son amadas por sí mismas, incluso al margen de su utilidad y mas que todas las demás, las sensaciones visuales" [Metafísica, libro primero (A)].

Este texto, co que se inicia a *Metafísica*, ilustran claramente a diferencias de carácter filosófico entre mestre e discípulo

3. Influído pola definida exactitude, invariabilidade i eternidade dos obxectos matemáticos, Platón formula a teoría das Ideas, segundo a cal o ser e a verdade deste mundo atópanse máis aló del mesmo, no dominio puramente lóxico das definicións, no universo intelixible e inmaterial das Ideas. Esta formulación dá conta da contradición desta filosofía se se quere comprender o mundo que habitamos os humanos, que finalmente é o que máis nos interesa. A filosofía de Aristóteles atende moi especialmente a esta contradición. Coñecemos mellor ou universo dá experiencia humana polo feito de coñecer as Ideas? Non, todo ou contrario, as Ideas ou único que fan é complicar a cuestión³, pois a noción de “participación” ou “copia” non aclara nada.

Aristóteles considera, o mesmo que Platón, que non hai ciencia senón do universal e necesario, que a verdade só pode residir no xeral:

..., todos creemos que las cosas que conocemos no pueden ser de otra manera; ... Por consiguiente, lo que es objeto de ciencia es necesario. Luego es eterno, ya que todo lo que es absolutamente necesario es eterno, y lo eterno es ingénito e indestruible,

mais tamén considera que non por iso hai que sacrificar o que máis interesa aos humanos: o saber do concreto e continxente. Pero, como facemos compatible, sen escapar deste mundo, o feito de que as cousas da experiencia humana sexan continxentes e singulares coa esixencia dunha ciencia universal e necesaria? A solución consiste en baixar as Ideas platónicas do ceo intelixible no que este as colocara a terra sensible das cousas materiais (teoría hylemórfica), que son o realmente existente, as “substancias primeiras”, sometidas ao devir e ao cambio, que atopa con Aristóteles unha explicación racional, lóxica e coherente na teoría do acto e da potencia.

En resumo Aristóteles considera que a filosofía de Platón camiña sobre a cabeza, polo que é preciso invertela, colocala sobre os pés, sen por iso caer no relativismo e no escepticismo dos sofistas. Porque a falla de Platón non consiste en afirmar a existencia e realidade das Ideas, senón en situalas nun mundo aparte, separado deste, i en considerar que esa idealidade é a auténtica realidade (substancia).

1. Evidencia: Certeza clara e manifesta da que non se pode dudar

2. Substancia: Realidade que existe por si mesma. Lembremos que Platón negáballe tal propiedade aos seres concretos, empíricos.

3. Ver argumento do terceiro home

4. É verdade que non só hai coñecemento científico, universal e necesario, do “que non pode ser de outra maneira”⁴, pero tamén hai coñecemento racional e verdadeiro de cousas que nada impide que sexan doutra maneira. Así, hai arte (*tecne*, coñecemento técnico), que é un coñecemento verdadeiro “do que é obxecto de produción”, e tamén a ética e a política son un coñecemento verdadeiro, “do que é obxecto de acción ou actuación”; é dicir, da praxe humana . En calquera caso, tamén estes son ciencias en tanto que se ocupan das causas

1. FÍSICA⁵ E METAFÍSICA: Hylemorphismo, cambio e causalidade

✓ As substancias.

Así el objeto de todas las indagaciones pasadas y presentes; la pregunta que eternamente se formula: ¿qué es el ser?, viene a reducirse esta: ¿qué es la sustancia?. ("Metafísica", libro VII, 1)

Aristóteles, tamén nisto crítico con Platón, considera que os sentidos son fonte de evidencia. Dende esta perspectiva, debemos afirmar que as cousas da experiencia humana son auténtica realidade (substancia).

Tamén dende unha perspectiva lóxico-lingüístico debemos afirmar o mesmo. Aristóteles, coma Platón, pensa que só hai ciencia do xeral, pero el valora de forma moi distinta o xeral, pois que asevera que este non expresa outra cousa que a esencia dos seres concretos. É dicir, as Ideas (*eidos*), as Formas (*morphé*) expresan o que as cousas concretas son realmente, verdadeiramente, máis non son independentes das cousas, son a expresión da súa esencia. Dende un punto de vista lóxico-lingüístico sempre debemos considerar as esencias como “predicados”, nunca suxeitos. E o realmente existente (substancia) son os suxeitos, que son sempre cousas e seres individuais, concretos; estes son as “substancias primeiras”. Das substancias, do que sempre é suxeito e nunca predicado, pódese predicar a súa esencia, que nos di a definición da cousa, a súa especie e o seu xénero: humano ou cabalo, por exemplo, e os seus accidentes, aquilo que é a cousa dun xeito continxente: branco o alazán, seguindo co exemplo. Tamén a esencia, a que xa imos chamar 'Forma' (*morphé*, mais tamén *eidos*, equivalente a Idea platónicas), é unha substancia, mais “substancia segunda”, en tanto que depende das primeiras. Son “substancias” porque tamén estas existen -de

4. Aristóteles, *Ética a Nicómaco*, libro VI, 1139b15-30

5. Non confundir coa actual Física; en Aristóteles, a Física ven sendo o que nos consideramos o conxunto das ciencias naturais: física, bioloxía, psicoloxía, etc.

feito, son o permanente-, mais son “segundas” porque no mundo realmente existente non son independentes das substancias individuais e materiais, do mesmo xeito que o “predicado” non é independente do “suxeito” na lóxica e na sintaxe

Pero, como compaxinamos isto coa afirmación de que só hai ciencia do que é "necesario", “inxénito e indestrutible? Porque claramente o concreto é continxente e efémero. A solución a continuación.

✓ Hylemorphismo

O concreto, a substancia primeira, o individuo, aquilo que está sometido ao devir, ao nacemento, desenvolvemento e morte defíneo Aristóteles coma un composto de **materia e forma**. A Forma (*morphe*, pero tamén *eidos*), o mesmo que para Platón a Idea, é eterna, intanxible e intelixible, mais non existe máis que na materia (*hyle*). A materia é aquilo de que está feita a substancia⁶, calquera substancia -carne, ósos e sangue; madeira; mármore, bronce ou outros materiais, etc. - A Forma é o que define á substancia; polo tanto, é a súa esencia. É dicir, a forma é o que nos di o que a cousa é -por exemplo, se é un humano, un cabalo ou outro mamífero; un carballo, un eucalipto ou outra árbore; a estatua dun deus, dun heroe ou outra calquera-. A materia é o elemento individualizador -*principium individuationis*-, o que fai que algo sexa un ser concreto e individual, un suxeito. A Forma é a esencia que fai que no concreto se atope tamén o universal e permanente:

“Tal especie en estas carnes y estos hueso, es Calias y Sócrates. Y se distinguen por la materia (que es distinta), pero son lo mismo por la especie (pues la especie es indivisible)”.
(*Metafísica*, VII, 1034 a 5).

A forma é o obxecto da ciencia, porque é a esencia, o permanente, o necesario e o que é para todos o mesmo. Por suposto, en ningún caso a Forma é realmente separable da materia. O noso intelecto, cando se aplica ao coñecemento, é o que nos informa da Forma ou esencia das substancias individuais. Porque a substancia se nos fai evidente a través dos sentidos; pero a Forma só podemos coñecerla a través do intelecto, cando este se aplica ao coñecemento teórico ou científico.

En resumo, Aristóteles retorna ao sentido común: o realmente existente (substancia) é o universo da experiencia humana, constituído por substancias concretas, singulares i efémeras, que nacen, desenvólvense e morren. De elas, di que son a “substancia primeira”. A Forma tamén existe, tamén é real, mais con unha realidade secundaria, dependente das substancias primeiras. Dende unha perspectiva lóxico-gramatical, a substancia é aquilo que sempre é suxeito (*hypokeimenon*) e nunca pode ser predicado -Sócrates, Bucéfalo ou a estatua de Atenea-; a Forma é a esencia que se

6.En realidade a materia é simplemente o que carece forma, pero sobre o que se desenvolve a forma; polo tanto,é tamén algo que podemos pensar pero non apreciar polos sentidos, pois todo o que percibimos ten a forma de algo, dalgunha especie ou xénero.

predica do suxeito (porque tamén se poden predicar os accidentes), e debe ser considerada unha “substancia segunda”

✓ Teoría do acto e da potencia

Ben, xa comprendemos como o eterno, permanente e necesario (a Forma) está ínsito no temporal e continxente; polo tanto, como pode haber ciencia sen duplicar o real. Mais queda o problema do cambio. Parménides deixara a cousa máis ou menos así: A lóxica do entendemento, do razoamento, suxeita ao principio de non contradición, non pode entender o cambio, porque é contradictorio dicir que o que é pasa a non ser e viceversa. Dito doutra maneira, é un principio lóxico evidente que da nada nada pode xurdir; polo tanto, dicir que da nada xorde o ser ou que o ser se convirte en nada é unha contradición. Platón continuou coa formulación parmenídea e negoulle existencia real as cousas cambiantes, das que só podemos ter mera opinión, tan cambiante como elas mesmas.

Aristóteles considera que Platón se deixou levar polas ensinanzas de Crátilo, seguidor de Heráclito, e non apreciou o que de permanente hai no cambio. Si, as substancias cambian, pero o xénero e a especie permanecen. Os individuos nacen, desenvólvense e morren, pero a especie e o xénero permanecen. Cambian os humanos, nacen, medran e morren os individuos, mais permanece a humanidade, a especie. E isto é así porque toda substancia, toda cousa concreta está composta de Materia (*hyle*) e Forma (*morphé*, pero tamén *eidos*). Aristóteles resolve o problema dun modo elegante e sinxelo por medio dun par de conceptos, as nocións de potencia e de acto, que completan as de materia e forma. O ser da substancia explícase por medio da teoría a materia e a forma. O devir da substancia por medio da teoría da potencia (*dínamis*) e o acto (*energeia* ou *entelequia*). A teoría da materia-forma di que son as cousas sincronicamente; a da potencia-acto como son diacronicamente.

Un ser cambia, di aproximadamente Aristóteles, cando pasa de ser algo en potencia ao acto de ser ese algo. Definir este par conceptual non resulta fácil, e Aristóteles parece ser consciente diso porque recorre moi a miúdo a exemplos para facerse entender.

Decimos, por exemplo, que [la estatua] de Hermes esta en potencia en la madera, ...

Llamamos también sabio en potencia a quien ... posea la facultad de especular; el estado opuesto al de estos casos existe en acto (Metafísica, 6, 1048 a 30-35).

O cambio consiste na “actualización do que está en potencia en canto tal”. O tronco dunha árbore non é unha estatua en acto, mais si unha estatua en potencia. Convértese nunha estatua en acto cando a modela o escultor. Un home intelixente e sen formación non é un sabio en acto, mais si en potencia. Transfórmase nun sabio cando desenvolve a súa intelixencia. Unha landra non é un carballo en acto, mais si en potencia; cando desenvolve a súa potencialidade convértese nun

carballo en acto.

O cambio non consiste, pois, en pasar da nada ao ser e viceversa, como pensaba Parménides, pois dende esta perspectiva o cambio é realmente incomprensible. Cambiar consiste en pasar de ser algo en potencia a ser ese algo actualmente. As cousas non cambian sen máis, desordenadamente, senón que cambian seguindo as súas potencialidades naturais: por exemplo, unha landra non pode converterse nun humano.

Para que ocorra o cambio é preciso un axente ou causa (causa eficiente) do cambio. Ese axente ou causa do cambio pode ser interno ou externo. Para que un tronco se transforme nunha estatua precísase do escultor (causa externa). Para que unha landra se transforme nun carballo ou un home intelixente nun sabio precísase que desenvolva a súa propia natureza (axente interno).

Adoita dicirse que forma e acto son conceptos iguais ou moi similares. E non parece ser falso en vista dos exemplos que pon Aristóteles. A forma é o que determina a materia, é o que a converte en actualidade, en ser actual (unha planta, un/ha humano/a,...); a materia é unicamente ser en potencia. Pero o concepto de acto ten connotacións de operación, de algo que está a facerse, que a forma non ten: A forma é a esencia que eternamente permanece igual a si mesma. Este planteamento metafísico leva a Aristóteles a considerar que as especies vivas son eternas, sempre a mesmas, sen evolución

✓ Tipos de cambio

Aristóteles distingue entre o cambio substancial, de xeración e corrupción, e os cambios accidentais, que son os cuantitativos (medra e mingua), os cualitativos e os locativos; mais todos os explica por medio da teoría do acto e da potencia. A debilidade desta teoría é a explicación do cambio local, do que hoxe chamamos movemento, do desprazamento, e será aí onde incidirá Galileo e a física moderna para arrumbar definitivamente a teoría aristotélica do movemento.

Nos cambios accidentais, onde o que se adquire é un accidente, o substrato do cambio é unha substancia. Pero no devir substancial (na xeración e na corrupción de substancias), o substrato non pode ser unha substancia nin, por suposto, un accidente. O cambio sustancial esixe un substrato que non sexa unha substancia determinada: é o que Aristóteles chama materia prima que, como a materia de Platón e o *ápeiron* de Anaximandro, é indeterminada e eterna, xa que ela é o suxeito (*hipokeiménon*) do devir en xeral. Por suposto, a ‘materia primeira’ é algo que non existe en acto, polo que no pode ser percibida.

✓ Teleoloxía y teoloxía

Xa Platón desenvolvera unha concepción teleolóxica ou finalista que afirma que só os fins (*telos*) permiten una interpretación intelixente da natureza, cousa, por outra parte, nada sorprendente, dada súa concepción ontolóxica do sensible como una “copia” imperfecta do

intelixible. Esta perspectiva finalista herdouna seu discípulo Aristóteles e xa non será desmentida até a modernidade, co nacemento da ciencia moderna. Porque a doutrina do acto e a potencia, e da materia e da forma, contén unha concepción teleolóxica do real: A forma é aquilo cara ao que tende e se desenvolve o indeterminado (a materia). A forma é a finalidade da materia e esta atracción da forma sobre a materia é o que fai que aquilo que está en potencia se converta en algo real:

<<La materia está en potencia porque puede llegar a la especie; pero cuando está en acto, entonces está en la especie>>(Met.,IX,1050 a)

E a teleoloxía desemboca en teoloxía: A explicación última do universo leva a Aristóteles a considerar a existencia dunha forma ou acto puro, libre de materia. Ser separado e inmóbil ao que Aristóteles identifica co Theos que move o universo por atracción, como finalidade, como culminación ou perfección do ser, sen el ser movido. A ciencia que se ocupa de esta causa incausada, causa absolutamente primeira, é a Teoloxía. Con ela, Aristóteles parece reproducir o dualismo platónico

A demostración da existencia do motor inmóbil foi utilizada posteriormente, no Medievo, por Tomás de Aquino e a escolástica para “demostrar” a existencia de Dios e podémola resumir así:

Premisa 1. É evidente, como testemuñan os sentidos (fonte de evidencia na filosofía aristotélica e tomista), que as cousas e os seres móvense e cambian.

Premisa 2 (Principio da causalidade). Todo o que se move é movido por outro, por un motor ou causa eficiente.

Premisa 3. Non é posible unha serie infinita de motores que sexan movidos por outros, porque se non houbera un motor primeiro tampouco habería o primeiro movemento, o desencadeante; por conseguinte, non habería movemento nin cambio. Pero haino;

Conclusión: logo, ten que haber un motor primeiro, un ser que move sen ser movido

Como é o motor inmóbil? Pois é: Causa incausada: se tivera causa xa non sería o primeiro motor e o movemento e o cambio sería inexplicable. Inmóbil, impávido e indiferente: se se movera non podería ser o primeiro motor ; move por desexo, mais non desexa; é amado, mais el non ama; atrae, mais el non é atraído por nada. Pensamento puro: toda a súa actividade consiste en pensar, mais só se pensa a si mesmo, sen relación co mundo sensible, agás como obxecto de desexo de canto existe. Forma pura: se tivera materia estaría sometido ao cambio e xa non sería o primeiro motor . Acto puro: se fora en potencia non podería ser a finalidade que todo atrae, cara ao que todo cambia e se encamiña, pois que nada pode estar ao mesmo tempo e respecto do mesmo en acto i en potencia: algo é en potencia en relación cunha actualidade aínda non dada ou acadada; cando se en acto xa non se é en potencia respecto do mesmo (por exemplo: a semente é en acto respecto de si mesma, mais é en potencia respecto da planta). E finalmente, perfecto: se fora imperfecto, estaría

en potencia respecto da perfección, e nin aspira nin desexa nin bota nada en falta.

✓ **A causalidade.**

1. As teorías da materia e da forma, da potencia e do acto son parte da Filosofía primeira (máis tarde chamada Metafísica), porque son teorías dos primeiros, ou derradeiros, principios e causas comúns a tódolos seres. Mais, aparte desta, existe unha filosofía segunda ou Física. É unha filosofía segunda porque non se ocupa dos primeiros principios e causas, coma a anterior, senón das causas e principios das cousas naturais, que serían segundas respecto daquelas. Agora ben, a Física tamén é unha ciencia, un coñecemento teórico universal e necesario. Porque no mundo físico hai obxectos axeitados para o coñecemento científico, as esenciais universais e permanentes, as especies naturais que permanecen eternamente inmutables, porque o Cosmos no foi creado por ningún deus nin por ningún home senón que está nun desenvolvemento infinito, eternamente renovado e eternamente igual a si mesmo. Os individuos caducan; as especies non. Evidentemente, as especies son o que dende outro punto de vista, chamamos 'formas'

2. *Creemos que sabemos...cuando creemos conocer la causa por la que es la cosa, que es la causa de aquella cosa y que no cabe que sea de otra manera*⁷

A noción de causa (aitía) –tamén causalidade, principio causal,etc- foi fundamental na filosofía dende os seus comezos. Como xa dixemos noutro lugar, só se pode falar de explicación racional, de logos, cando a idea de arbitrariedade, característica do pensamento mítico para explicar os procesos naturais, foi substituída pola idea de necesidade; é dicir, cando se deixa de pensar que as cousas ocorren polos caprichos dos deuses ou pola acción máxica de certos suxeitos e se adopta o punto de vista de que as cousas acontecen segundo unha certa norma ou lei que rexe para todos os acontecementos desa mesma especie. A idea de causa é a que permite explicar por que un certo fenómeno se ten producido. Coñecer a causa é coñecer a razón polo que tal fenómeno aconteceu, necesariamente. E coñecemos os fenómenos de forma racional, científica ou filosófica cando coñecemos as razóns que os explican, i estas son o mesmo que as causas que os produciron.

3. *Hechas estas distinciones, tenemos que examinar las causas, cuáles y cuántas son. Puesto que el objeto de esta investigación es el conocer (...) tendremos que examinar cuanto se refiere a la generación y la destrucción y a todo cambio natural, a fin de que, conociendo sus principios, podamos intentar referir a ellos cada una de nuestras investigaciones. En este sentido se dice que es causa aquel constitutivo interno de lo que algo está*

7. Analíticos Segundos.,I, 2 71b10

hecho, como el bronce respecto de la estatua, ...

En otro sentido es la forma o el modelo, esto es, la definición de la esencia y sus géneros...

En otro sentido es el principio primero de donde proviene el cambio o el reposo, ..., como es causa el padre respecto de su hijo, ...

Y en otro sentido causa es el fin, esto es, aquello para lo cual es algo, por ejemplo, el pasear respecto de la salud (Física, II, 194b 15-35. Gredos)

Ou sexa que segundo a teoría aristotélica son catro as causas que operan na realización dun proceso calquera. E, polo tanto, tamén na explicación axeitada do mesmo: 1) “*aquel constitutivo interno de lo que algo está hecho*”, que identificamos con a materia; 2) “*la forma ou el modelo*”; 3) “*el principio primero de donde proviene el cambio o el reposo*”, que identificamos con a causa eficiente ou motora; e 4) a finalidade.

Da materia e da forma xa temos falado antes, polo que aquí só recalcaremos que a explicación de calquera proceso natural ten que ter en conta estes dous principios ou causas explicativas, xa que tódalas substancia naturais están compostas de materia e forma.

Pero amais destas dúas, tamén operan outras dúas en calquera proceso. Unha é causa axente do cambio e o reposo. Esta é a causa que permite ou faculta que algo pase de estar en potencia a estar en acto: Nada cambia senón é pola acción ou polo influxo dun ser actual, que é o que chamamos causa motora ou eficiente. O cambio, o paso de ser algo en potencia a ser en acto, necesita, na arte, por exemplo, dun axente que realice o que só estaba en potencia –por exemplo, Miguel Anxo e o “motor” ou causa eficiente que transforma o bloque de mármore na estatua de David-. Agora ben, nos seres naturais a causa eficiente e interna, e consiste nun impulso, nunha disposición para o cambio –así, a landra nunca se podería converter nun carballo se nela non estiver presente unha potencia, unha determinación interior que a fai transformarse en carballo. Neste sentido podemos dicir que na natureza a causa eficiente, o motor, é inmanente. Por iso Aristóteles define ao ser natural como aquel que <<posee en si mesmo un principio de movemento e reposo>>.

A última causa é a finalidade, aquilo cara ao que algo tende (... *el fin, esto es, aquello para lo cual es algo*).

Segundo Aristoteles, todo canto cambia faíno en función da adquisición dalgunha forma (finalidade) que potencialmente tiña o suxeito que cambia. (Ver o apartado dedicado ao teleoloxismo aristotélico).

Explicar os fenómenos naturais consiste en explicitar os catro principios (materia, forma, motor e fin) que Aristóteles chama causas, que posibilitan a produción de calquera cousa⁸. Agora

8 O sentido da doutrina aristotélica das causas pode entenderse como un intento de distinguir e clasificar os distintos

ben, como se desprende das consideracións que fixemos na teoría da potencia e do acto, a causa final ten un predominio manifesto sobre as outras, como veremos máis adiante.

Debemos observar que na actualidade só se chama causa propiamente a causa eficiente, ao axente que desencadea un proceso. Neste sentido debemos comprender que Aristóteles chama causas aos principios explicativos que satisfán plenamente a pregunta do porque e non só ao que provoca o cambio ou proceso.

Tamén dicir que na teoría das causas Aristóteles recolle a tradición filosófica anterior, e así o recoñece na Metafísica, reservándose para si a postulación da causa final. Os presocráticos non reflexionaron sobre a idea de causa, como fai Aristóteles, mais aparece manifesta nas súas explicacións da orixe, principio e razón do Cosmos. Todos os presocráticos recoñeceron a necesidade de explicar a materia da que está feito o universo natural, excepto Parménides, por razóns obvias, e, se cadra, os pitagóricos. Algúns deles recorreron tamén a causa eficiente, como por exemplo Empédocles cando considera ao Amor e a Discordia como forzas cósmicas de unión e separación da materia. Pola súa banda, os números e as figuras xeométricas que os pitagóricos usan para explicar a natureza poden ser considerados coma modelos, ou sexa, coma as causas formais de Aristóteles. Platón, pola súa banda, postula as tres anteriores: As Ideas son modelo; o Demiurgo e a causa eficiente e a materia e aquilo sobre o que o Demiurgo plasma as Ideas.

4. *Y puesto que las causas son cuatro, es tarea propia del físico conocerlas todas, pues para explicar físicamente el <<por qué>> tendrá que remitirse a todas ellas, esto es, a la materia, a la forma, a lo que hace mover y al fin. Las tres últimas se reducen en muchos casos a una, pues la esencia y el fin son una misma cosa, y aquello de lo que primeramente proviene el movimiento [el motor] es específicamente lo mismo que estas, pues el hombre engendra al hombre... (Física, II, 198 a22-27. Gredos)*

Ou sexa que, segundo este texto, en moitas casos a causa formal, o motor e o fin redúcense a unha soa. Isto ocorre moi especialmente no mundo biolóxico, onde a esencia ou Forma coincide co fin do ser vivo: a esencia de Sócrates é a humanidade e o fin de Sócrates é realizarse coma ser humano. Tamén o axente ou principio xerador do cambio é o mesmo có fin: é un ser humano quen crea outro ser humano; é dicir, a unión do óvulo e o espermatozoide ten como finalidade chegar a ser un ser humano. Pensando en abstracto, pódese dicir que a forma é a finalidade cara a que tende o indeterminado, ou sexa, a materia. E tamén que a atracción que a forma exerce sobre a materia é a causa que provoca (causa eficiente) o proceso, aquilo que fai que o que está en potencia se converta en algo real, nunha actualidade.

tipos de factores explicativos das cousas e os seus procesos

Agora ben, isto non é aplicable a tódolos casos. Non é aplicable, por exemplo, no campo da produción. Na produción artística as causas diferéncianse claramente: A causa material é aquilo de que está feita a obra. A causa formal é o modelo que seguiu o artista. A causa eficiente é o artista. E finalidade é aquilo para que serve a obra de arte.

- ✓ **O cosmos aristotélico** –e tamén medieval- é “un mundo ordenado e finito, no que cada cousa ocupa seu lugar, determinado polo seu grao de perfección, segundo unha xerarquía que vai do menos perfecto, a materia, ao máis perfecto, o Theos. É un universo fermoso que deslumbra o cultivado sentido da estética dos gregos –os medievais verán neste universo a creación que proclama a gloria e a sabedoría de Deus- . É un universo feito a medida do home, que se sente nel coma na súa casa, onde todo ten o seu lugar natural e onde a animación das cousas e dos seres, lonxe de ser caótica e inintelixibel, ten coma finalidade ocupar este lugar” (Koyrè, *Considerações sobre Descartes*).